

BASES DO PROGRAMA 'DIXITALIZA O TEU NEGOCIO – PONTEAREAS'

'Dixitaliza o teu negocio' é un plan de formación e asesoramento, impulsado polo Concello de Ponteareas, para apoiar o noso comercio local no proceso de adaptación ás novas formas de venda en liña, que consta de dúas fases diferenciadas:

- **Fase I** – Formación específica en materia de dixitalización, comercio electrónico e uso de redes sociais a nivel de empresa.
- **Fase II** – Asesoramento individualizado ás persoas responsables dos negocios.

O Concello de Ponteareas, consciente da necesidade que ten o tecido empresarial, hostaleiro e comercial do municipio de adaptar os seus negocios á nova situación derivada da COVID-19, pon en marcha a iniciativa 'Dixitaliza o teu negocio', con plans de formación e asesoramento individualizado para os comercios de Ponteareas e a planificación de estratexias empresariais adaptadas ao novo contexto.

O obxectivo desta iniciativa, levada a cabo pola Concellería de Promoción Económica, é desenvolver o potencial que ten todo o tecido empresarial do municipio e axudar na súa adaptación ás novas circunstancias do mercado e aos novos hábitos de consumo, sen perder a esencia do comercio local, de tempada e de proximidade.

FASE I – FORMACIÓN GRUPAL

A fase I do programa 'Dixitaliza o teu negocio' consiste nun plan de formación destinado ás e aos comerciantes e responsables dos negocios para amosarlles, de xeito práctico e sinxelo, as posibilidades da dixitalización dos seus negocios e do uso do comercio electrónico, das redes sociais como plataformas de captación e venda etc.

A formación estará a cargo de especialistas profesionais que darán a coñecer pautas que sirvan de axuda aos negocios, e analizarán e resolverán cada situación concreta. Para iso, o Concello conta co asesoramento dunha das mellores empresas no eido da planificación estratéxica empresarial do noso país.

O plan consta de 10 horas de formación cos seguintes cursos e formatos:

Xornada divulgativa Presentación do plan e primeira captación de negocios	10/09/2020	1 h	20:30 h	Presencial
Curso - Webinar (I) Comercio electrónico: como comezar a vender na rede - Dixitaliza o teu negocio	01/10/2020	2 h	20:30 h 22:30 h	Zoom
Curso - Webinar (II) Comercio electrónico: como comezar a vender na rede - Dixitaliza o teu negocio	08/10/2020	2 h	20:30 h 22:30 h	Zoom
Curso - Webinar Subvencións e axudas para dixitalizar o teu negocio	15/10/2020	1 h	20:30 h 21:30 h	Zoom
Curso - Webinar Ferramentas para dixitalizar o teu negocio	22/10/2020	2 h	20:30 h 22:30 h	Zoom
Curso - Webinar Aprende a vender usando as redes sociais	29/10/2020	2 h	20:30 h 22:30 h	Zoom

IMPORTANTE:

- Todos os cursos serán en formato de formación grupal, non individualizada por negocio.
- Todos os cursos terán lugar a través da plataforma en liña Zoom.
- Os asistentes serán debidamente informados da ligazón de acceso ao curso por correo electrónico cun prazo de alomenos 7 días.
- É imprescindible que sexan as persoas que poidan tomar decisións de cara ao negocio as que asistan a estes cursos de formación. Os cursos están orientados ás persoas que sexan responsables dos negocios, xerentes de comercios, autónomos e empresas.
- É imprescindible asistir a todos os cursos de formación en directo (estar conectados na hora da impartición en directo a través de plataforma Zoom, e permanecer conectados un mínimo dun 75% do tempo que dure o curso) para poder optar a ser unha das empresas ou negocios elixidos para pasar á fase II de asesoramento individualizado.
- Os cursos serán grabados para posterior difusión entre os participantes e aquelas persoas que non puideran asistir aos cursos en directo. De igual forma, segue sendo imprescindible, ter asistido aos cursos en directo para poder optar a ser unha das empresas ou negocios elixidos para pasar á fase II de asesoramento individualizado.
- Todos os cursos serán impartidos por profesionais altamente cualificados, con ampla experiencia en xestión de plataformas dixitais, negocios na rede, campañas de publicidade en liña etc.

FASE II – ASESORAMENTO INDIVIDUALIZADO POR NEGOCIO

Na fase II do programa 'Dixitaliza o teu negocio' as e os comerciantes contarán con asesoramento individualizado por parte dunha ou dun consultor profesional, que permitirá o acompañamento dos comercios no seu proceso de adaptación a un contorno dixital.

O asesoramento individualizado á empresa terá unha duración total máxima para todo o conxunto dos negocios, de 90 horas, de xeito que 15 empresas ou comercios dos que fagan previamente (condición imprescindible) o plan de da fase I e que soliciten o servizo serán seleccionados por criterios de necesidade, viabilidade, grao de dixitalización, sector, etc. Así poderán optar a 6 horas de asesoramento individualizado con profesional experto, que lle axude no proceso de planificación de estratexias empresariais adaptadas ao novo contexto.

A selección dos 15 negocios que participarán na fase II de asesoramento individualizado serán elixidos por consultores de empresa expertos, nomeados pola empresa Estrategia y Organización, S.A. (en adiante, EOSA), responsable da execución do programa Dixitaliza o teu negocio en Ponteareas. Optarán a esta fase II, 15 negocios, debidamente elixidos por criterios de criterios de necesidade, viabilidade, grao de dixitalización, sector, etc.

CÓMO PARTICIPAR NO PROGRAMA DIXITALIZA O TEU NEGOCIO - PONTEAREAS

Para entrar a formar parte do Programa Dixitaliza o teu negocio, as persoas responsables dos negocios, deberán rexistrarse a través do formulario de contacto como o que hai actualmente na landing www.dixitalizaponteareas.com

Toda a información do programa estará publicado na web www.dixitalizaponteareas.com

Outras formas de contactar para acceder aos cursos de formación son:

- Chamando ao teléfono da Concellería de Promoción Económica: 673 855 422
- Escribindo un correo electrónico e solicitando o aceso a: info@dixitalizaponteareas.com